

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

*RESOLUCIÓN do 7 de novembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o Plan xeral da inspección educativa para o curso 2022/23.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula no seu título VII a inspección do sistema educativo e establece que corresponde ás administracións públicas competentes ordenar, regular e exercer a inspección educativa dentro do respectivo ámbito territorial.

O Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 9 que a consellería competente en materia de educación fixará periodicamente as liñas e os criterios de actuación da Inspección Educativa.

O Plan xeral da inspección educativa é o documento en que se recollen as liñas e os criterios de actuación da Inspección Educativa no marco das funcións que ten encomendadas e de acordo coas prioridades establecidas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, co obxecto de coordinar globalmente as actividades de supervisión, asesoramento e avaliación que desenvolven os inspectores e inspectoras de educación.

A partir do plan xeral e de conformidade co establecido nos artigos 10 e 20 do Decreto 99/2004, do 21 de maio, as xefaturas dos servizos territoriais da Inspección Educativa elaborarán os plans provinciais de actuación da Inspección Educativa aténdose ás liñas básicas e prioritarias fixadas neste plan, sen prexuízo da marxe de flexibilidade e autonomía que a singularidade provincial exige para adecuar o plan e as actuacións previstas á realidade educativa da provincia.

Por todo o anterior, ao abeiro do disposto no artigo 9 do Decreto 99/2004, do 21 de maio, por proposta da persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo e en virtude das competencias e funcións atribuídas mediante o Decre-



to 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

**RESOLVO:****Primeiro. *Obxecto***

Esta resolución ten por obxecto establecer o Plan xeral da inspección educativa en que se fixan as liñas e criterios de actuación da Inspección Educativa para o curso 2022/23.

**Segundo. *Liñas estratéxicas***

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa establece as seguintes liñas estratéxicas:

1. Desenvolver e reforzar a ordenación do sistema educativo.
2. Avaliar o sistema educativo e contribuír á mellora da súa calidade.
3. Potenciar as linguas estranxeiras e a progresiva internacionalización dos centros educativos.
4. Desenvolver a Estratexia galega de convivencia escolar Educonvives 2025.
5. Desenvolver a Estratexia galega de inclusión Eduinclusión.
6. Impulsar a dixitalización nos centros educativos e promover a adquisición de competencias dixitais.
7. Mellorar a ordenación sobre o funcionamento dos centros educativos que redunde nunha maior calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe que neles se desenvolvan.
8. Desenvolver un proceso de avaliación e mellora do sistema educativo.

Mediante o desenvolvemento do Plan xeral da inspección educativa contribuirase ao logro destas liñas estratéxicas.

**Terceiro. *Actuacións***

A Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo, ademais de impulsar e coordinar as actuacións dos servizos territoriais da Inspección Educativa, des-



envolverá actuacións encamiñadas a impulsar procesos de mellora e o deseño e desenvolvemento de ferramentas informáticas que permitan á Inspección Educativa dispoñer de información actualizada sobre a xestión dos centros docentes, facilitando, así, a súa labor de supervisión e asesoramento. Para iso a Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo desenvolverá as seguintes actuacións:

Elaborar e implementar protocolos normalizados para o desenvolvemento das actuacións da Inspección Educativa.

Impulsar a utilización dos sistemas informáticos para a xestión dos plans provinciais e do Plan Xeral de Actuación da Inspección Educativa.

Potenciar a formación, actualización e perfeccionamento das inspectoras e inspectores, incidindo na utilización das TIC.

Crear e coordinar grupos de traballo interprovinciais no ámbito da Inspección Educativa en áreas e temas de interese para a mellora da calidade do sistema educativo.

Manter actualizado o portal dispoñible para a Inspección Educativa, asesorar nos aspectos relativos ás súas aplicacións e elaborar recursos para uso da inspección.

Facilitar aos servizos territoriais da Inspección Educativa os modelos para a elaboración dos plans provinciais de actuación e das respectivas memorias.

Potenciar a obtención de información dos centros docentes mediante ferramentas informáticas vinculadas á aplicación informática XIE.

Potenciar a informatización dos protocolos escolares mediante a aplicación Protocolos Educativos.

Establecer os criterios necesarios que propicien unha actuación coordinada da Inspección Educativa no exercicio das súas funcións e atribucións.

Priorizar as actuacións da Inspección Educativa en función das necesidades detectadas, así como dos obxectivos na mellora da calidade programados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Consolidar un modelo de planificación e intervención da Inspección Educativa nos centros educativos que facilite a recollida da información derivada das actuacións realizadas no seu exercicio profesional.



As actuacións dos inspectores e inspectoras para as que existan protocolos normalizados xestionaranse na aplicación informática de xestión da Inspección Educativa (XIE). A través dela a Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo e os servizos territoriais da Inspección Educativa realizarán o seu seguimento.

Mediante o desenvolvemento do Plan xeral da inspección educativa contribuirase ao logro destas actuacións.

As actuacións que realizará a Inspección Educativa para o período de vixencia deste plan desenvolveranse a través de protocolos normalizados achegados pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa con especial atención ao calendario de implantación da LOMLOE cuxa supervisión constituirá unha das accións prioritarias deste plan.

Serán tamén actuacións prioritarias:

O seguimento e avaliación do plan estratéxico e de mellora dos centros incluídos no programa Proa+.

O seguimento e avaliación das persoas responsables das Unidades de Acompañamento e Orientación Familiar (UACO).

O asesoramento aos centros sobre os cambios curriculares e no emprego da ferramenta corporativa Proens.

O seguimento e supervisión dos protocolos de matriculación nos centros educativos con especial incidencia no segundo curso de bacharelato.

O seguimento e supervisión dos protocolos e programas educativos.

A supervisión das medidas de atención á diversidade.

O deseño dos marcos das avaliacións de diagnóstico e a participación na pilotaxe da avaliación xeral do sistema educativo.

Serán obxecto deste plan xeral, en tanto que actuacións prioritarias, os programas e liñas de actuación que determine para o curso 2022/23 a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.



As actuacións habituais son aquelas que dan resposta a problemas ou situacións que xorden no sistema educativo que, aínda sendo previsibles, son de difícil programación.

As actuacións específicas son aquelas que teñen por obxecto a recollida de datos ou a supervisión en temas que son de especial interese para a política educativa da Consellería.

O traballo da Inspección Educativa non se limita á realización das actividades recollidas nos puntos anteriores. A inspección intervéñ nunha multitude de situacións imprevisibles caracterizadas pola inmediatez, que implican a realización doutras actuacións puntuais e sobrevindas que, por razóns do servizo, lle son encomendadas no marco das funcións e competencias que ten atribuídas.

#### Cuarto. *Desenvolvemento do Plan xeral da inspección educativa*

1. O Plan xeral da inspección educativa desenvolverase principalmente mediante as visitas de inspección establecidas no artigo 6 da Orde do 13 de decembro de 2004 pola que se desenvolve o Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Cada persoa inspectora deixará rexistro de cada visita a través da aplicación de Xestión da Inspección Educativa (XIE).

3. As actuacións establecidas pola Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo contarán cun procedemento para a súa execución e, de ser o caso, un informe específico que deberá quedar rexistrado na aplicación XIE.

#### Quinto. *Plans provinciais de actuación da Inspección Educativa*

1. As xefaturas dos servizos territoriais da Inspección Educativa desenvolverán e concretarán, no ámbito provincial, as actuacións que conforman o Plan xeral da inspección educativa e asegurarán a súa execución na temporalización establecida.

2. As xefaturas dos servizos territoriais da Inspección Educativa trasladarán á Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo, a través do Servizo de Planificación e Coordinación da Inspección Educativa, actuacións provinciais que redunden na mellora do funcionamento dos centros educativos a nivel provincial, conforme os obxectivos propostos polas correspondentes xefaturas territoriais.



**Sexto. Grupos de traballo interprovinciais**

1. Crearanse grupos de traballo interprovinciais cunha persoa representante provincial de cada área de traballo estrutural, das establecidas na letra a) do artigo 10 da Orde do 13 de decembro de 2004.

2. A persoa representante provincial será proposta pola Xefatura do Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente.

3. Os grupos interprovinciais trasladarán á Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo, a través do Servizo de Planificación e Coordinación da Inspección Educativa, propostas de actuacións que redunden na mellora dos aspectos obxecto de actuación destas áreas específicas.

4. As propostas deberán conter un procedemento común para toda a Inspección Educativa, así como a documentación anexa que permita que as actuacións sexan eficientes e executivas.

**Sétimo. Actividades de formación**

Para a formación e perfeccionamento, así como a actualización, en todo o que se refire ás competencias e atribucións dos inspectores e inspectoras de educación, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades organiza actividades tales como cursos, encontros, xornadas e outras modalidades de formación. Igualmente fomenta a súa participación en convocatorias formativas, para as cales se reservan prazas para os membros da Inspección Educativa.

Xornadas periódicas que terán lugar ao longo do curso. Nelas trataranse temas de interese para a formación da Inspección Educativa e coordinarase a información das diferentes unidades da Consellería.

Internacionalización da inspección educativa. É de interese para a formación dos inspectores e inspectoras de educación a formación e o intercambio de boas prácticas a nivel internacional, de xeito especial no ámbito europeo. É por este motivo que, desde a Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo, impulsaranse e apoiaranse iniciativas que axuden á internacionalización da Inspección Educativa.

Participación noutras actividades formativas específicas. En xeral, os inspectores e as inspectoras poden participar en xornadas, encontros e outras modalidades de formación



que organice a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ou ben que sexan recoñecidas pola mesma e que poidan ser útiles para unha posta ao día en aspectos curriculares así como nos relativos á organización de centros e do sistema educativo. Así mesmo, poden participar en modalidades formativas para docentes como son: estadias no estranxeiro, programas de aprendizaxe permanente, congresos, xornadas e encontros promovidos polas administracións educativas ou por asociacións de inspectores.

Oitavo. *Seguimento dos plans*

1. A Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo realizará un seguimento da execución do Plan xeral da inspección educativa, como mínimo de xeito trimestral, realizando as correccións e propostas de mellora que considere pertinentes.

2. As xefaturas dos servizos territoriais da Inspección Educativa, ao finalizar o curso escolar, recollerán nunha memoria anual o desenvolvemento do plan provincial de actuación e trasladarán á Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo as propostas de mellora.

3. A Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo recollerá nunha memoria anual as conclusións máis relevantes da execución do Plan xeral de inspección.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2022

Judith Fernández Novoa  
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

